



PLAN DIGITAL

C.E.I.P. ESPEDREGADA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: CEIP de Espedregada.

Dirección: Camiño da Serpe,3(Espedregada)C.P.36992, Poio, Pontevedra.

Correo Electrónico: ceip.espedregada@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipespedregada/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

Número de alumando: 50 alumnos e alumnas.

Número de profesorado: 8 no centro e 3 itinerantes.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Poio é un Concello da provincia de Pontevedra que foi incluído na súa comarca. Conta cunha extensión de 37,5 Km² e está a carón da ría de Pontevedra, na súa marxe dereita.

O centro foi construído sobre un recheo e é bastante húmido e frío.

Está protexido dos fríos norteños polo monte Castrove e goza dun clima oceánico típico suavizado polas brisas mariñas , xa que as illas de Ons e Onza defenden a ría de Pontevedra do Océano Atlántico.

Actualmente Poio está dividido en cinco parroquias:

San Salvador, San Xoán, Combarro, Samieira e Raxó. Limita cos Concellos de Pontevedra, Meis, Meaño e Sanxenxo.

Poio é un Concello eminentemente mariñeiro, ten unha pequena franxa agrícola onde os veciños alternan o mar coa labranza e conta , tamén, cunhas ladeiras con algo de masa forestal.

Conta tamén con algunhas industrias conserveiras, que dan traballo, sobre todo, a mulleres do municipio. Moitos dos habitantes de Poio traballan na capital, (Pontevedra).

O centro pertence á parroquia de Raxó ten dúas áreas de influencia: Raxó e Samieira (onde está ubicado o centro.

Historicamente, Poio é moi rico. É un lugar que conta cun fermoso mosteiro cheo de historia e culturalmente moi importante, e conta

tamén con fermosas lendas coma a de Santa Trahamunda e outras relacionadas coa illa de Tambo.

A base celular da organización é a familia tradicional, que en moitos casos está formada por tres xeracións: avós, pais e netos.

A idade media dos pais e das nais da maioría dos noso alumnado están comprendidas entre 30 e 40 anos.

A calidade da vivenda, a maioría é aceptable, tendo un amplo porcentaxe de familias que habitan nunha vivenda unifamiliar. Case a totalidade do noso alumnado dispón de habitación propia, compartida en moitos casos cos seus irmáns; nela é onde realizan as tarefas escolares.

A maioría dos nenos e nenas posúe ordenador na súa casa; porcentaxe que está aumentando progresivamente, tendo unha parte de eles acceso a internet.

En canto á distribución do emprego na zona de influencia do centro cabe destacar que unha porcentaxe ampla de pais traballan en actividades marítimas, seguindo en importancia o sector dos servizos e observamos que hai moitas nais que se dedican as tarefas da casa.

Os alumnos/as teñen pouco coñecemento do galego pois a maioría dos pais e avós non o falan.

O noso Centro é un colexio de Educación Infantil e Primaria que ten na actualidade 50 alumnos e alumnas e 8 profesores e profesoras no centro e 3 itinerantes.

Pretendemos que o noso Plan Dixital sexa un documento flexible, integrador e que sirva para fomentar a utilización das novas tecnoloxías nos diferentes aspectos que forman o desenvolvemento da nosa labor docente e que desta maneira estea intimamente relacionado cos diferentes proxectos que se desenvolven ao longo do curso escolar e así conseguir que interveñan na consecución dos obxectivos que rexen o noso Proxecto Educativo.

No PEC nos seus obxectivos, no ámbito pedagóxico, está: “Fomentar o emprego e aproveitamento da Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)” . O PD é a ferramenta básica e máis eficaz coa que conseguiremos acadar dito obxectivo.

Da mesma maneira a realización do Plan Dixital ten implícita unha gran flexibilidade e adaptabilidade as diferentes circunstancias que poden ir xurdindo no desenvolvemento da nosa labor educativa. Por isto, ao final de cada curso farase unha avaliación do seu desenvolvemento ao longo do curso que nos vai servir de base para establecer os cambios a

realizar na redacción do PD do seguinte curso que quedará integrado na Programación Xeral Anual.

A integración do equipo TIC cos diferentes equipos...

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración do Plan Dixital fundaméntase nunha base lexislativa que poderíamos resumir nos seguintes aspectos:

- ✓ A LOE 2/2006 do 3 de maio de Educación fai referencia, seu artigo 111 bis, a que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación na aula como medio didáctico como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de Ensinanza e Aprendizaxe.

No punto 6 do mesmo artigo fai referencia á necesidade de elaborar e revisar os marcos de referencia da competencia dixital que orienten na formación inicial e permanente do profesorado.

No artigo 121 marca a necesidade de o centro teña unha estratexia dixital dentro do Proxecto Educativo da cordo do establecido no artigo anterior.

Da mesma maneira, dentro das competencias das direccións dos centros, establececese a de promover a innovación educativa.

- ✓ Na disposición adicional quinta da resolución do 17 de xuño de 2021 sinala a necesidade de establecer as medidas necesarias para desenvolver un aprendizaxe non presencial motivado por causas externas. Facendo fincapé no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que presenta dificultades derivadas da fenda dixital.
- ✓ Por último na resolución do tres de setembro de 2021, establécense as bases para o procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital creouse no centro un Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado por:

A Directora, M^a Yolanda Murillo Moreira

A Coordinadora das TICS, Mónica Palmás Barbosa

O procedemento a seguir foi:

1. Realizar a análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente. (Test CDD)
2. Realizar a diagnose de situación do centro sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
3. Elaboración do Plan Dixital
4. No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividade:

No centro dispoñemos de conexión a internet por cable nalgúns lugares e por WIFI no resto do colexio.

A conectividade é o gran problema deste centro. Hai numerosas tormentas ao ano que estropean o router, déixannos sen conexión a Internet e sen rede telefónica durante días. Nalgúns espazos do centro o sinal WIFI é deficiente e as tomas de conexión dos puntos de rede están en moi mal estado.

Equipamento do Centro:

Ordenadores.	
Igual o anterior a 2010	12
Posterior ao 2010	12
Total	24
Portátiles moi antigos moitos deles averiados	7
Para prestar con conexión	4
Proxectores	
Kit ABALAR	2
+ de 10 anos de antigüidade.	7
Total	20
Pizarras	
SMART BOART mais de 10 anos	4
Kits Abalar, máis de 5 anos	2
Pizarras Multiclass con proxector integrado (máis de 10 anos)	1
Total	7
Cámaras de video DVD	1
Cámara de fotos	2
Mesas de mezclas	1
Impresoras	2
Tabletas	11
Escáner	2

2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do Informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.5				

	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.3				
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	3.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.9				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.7				
	Profesorado	3.				
	Alumnado	3.8				

Test CDD de centro:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	6	50%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	88,2	integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	73,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0 %
A2	2	40 %
B1	2	40 %
B2	1	20 %
C1	0	0 %
C2	0	0 %
TOTAL	5	100 %

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Aceptables espazos físicos. • Boa disposición da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Insuficiente infraestrutura, dispositivos dixitais, acceso a Internet e precaria asistencia técnica
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • Boa colaboración. • Aceptable avaliación do progreso. • Debate sobre o uso da tecnoloxía. • Aceptable intercambio de experiencias. • Bastante emprego de contornas virtuais educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Moi pouco tempo para explorar a ensinanza dixital. • Falta de formación específica.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • Non dispón. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non dispón.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Aceptable colaboración do alumnado e aceptable fomento da creatividade. • Bo comportamento responsable. • Aplica suficientes habilidades dixitais e ten suficiente capacidade para resolver problemas técnicos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fenda dixital.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Constante comunicación e aceptable colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixa competencia dixital.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> • Suficientes proxectos interdisciplinares. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pouca publicidade da nosa oferta.

		<ul style="list-style-type: none"> • Creación de contidos dixitais. • Numerosos recursos en línea e recursos educativos abertos. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Aceptable avaliación do proceso, boa colaboración e aceptable avaliación dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escasez de tempo exceso de carga burocrática.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> • Xusta dotación de dispositivos dixitais para aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Insuficiente dispositivos dixitais e infraestrutura. • Deficiente acceso a Internet. • Precaria asistencia técnica.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Suficiente normativa publicada. 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixo nivel de protección de datos.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> • Boa colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixa participación das familias na ANPA.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> • Boa comunicación entre a comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixa competencia dixital.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> • Non consta. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non consta.

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: LIDERADO						
OBXECTIVO 1:	Promover o emprego de AbalarMobil como ferramenta de comunicación coas familias.				Acadado	
Responsable:	Director e coordinador TIC				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	0 80 % do profesorado emprega AbalarMobil como ferramenta de comunicación.					
Valor de partida:	45 % (cinco de once)					
Valor previsto e data:	80 % (nove de once)			30 de setembro de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1:Realización de un pequeno curso de formación interna sobre o uso de AbalarMobil	Coordinador TIC	31/01/2023	Propios do centro. Equipos informáticos de cada aula.			
				Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		
A01.2:Fomentar o emprego de AbalarMobil, enviando comunicacións internas do centro a través desta canle	Director e coordinador TIC	30/06/2023	Propios do centro. Equipos informáticos de cada aula.			
				Realizada		

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO						
OBXECTIVO 2:	Dotación de equipos e actualización dos poucos existentes nas aulas do centro.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de aulas con equipos e completamente actualizados ao final de curso.					
Valor de partida:	Aulas sen equipos e ningún equipo actualizado.					
Valor previsto e data:	100 % das aulas con equipos e actualizados.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitud a UAC para a dotación e actualización do equipamento das aulas.	Directora	30/09/2022	Propios do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Mantemento periódico dos equipos por parte da UAC.	Coordinador TIC	20/12/2022	Propios do centro		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS							
OBXECTIVO 3:	Promover o emprego da aula virtual do centro; tanto para a docencia a distancia coma para o intercambio de experiencias e información entre o persoal docente.				Acadado		
Responsable:	Dirección				acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades levadas a cabo a través da aula virtual por cada docente (enquisa)						
Valor de partida:	Ningunha actividade.						
Valor previsto e data:	Tres actividades levadas a cabo por cada docente.			30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A05.1: Preparar a aula virtual para crear os cursos e o espazo de intercambio e matricular aos usuarios.	Coordinador TIC e administrador da aula virtual.	22/12/2022	Equipos do centro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.2: Subir á aula virtual actividades para que o alumnado de cada curso as realice e compartir experiencias co resto do profesorado.	Profesorado de cada titoría.	30/05/2023	Equipos do centro.			Realizada	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 4:	Promover o emprego, por parte do alumnado, da aula virtual do centro.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades levadas a cabo, co alumnado, a través da aula virtual por cada docente (enquisa)					
Valor de partida:	Ningunha actividade.					
Valor previsto e data:	Tres actividades levadas a cabo, co alumnado, por cada docente.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1:Publicar actividades na aula virtual para que o alumnado as realice.	Coordinador TIC e administrador da aula virtual.	22/12/2022	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2:Traballar co alumnado nas actividades creadas na aula.	Profesorado de cada materia.	30/05/2023	Actividades publicadas na aula para a súa realización.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades:

Temos que destacar o problema de conectividade do noso centro. Cando hai tormentas, a pesares de ter un SAI, normalmente quedamos sen conexión de Internet e sen teléfono. Chegamos a estar ata 15 días nesta situación, tendo que utilizar os móbiles persoais para poder darlle servizo ao centro. Ás veces, tamén se estropean equipos, que despois non son reparados ou repostos.

Non sabemos cal é o motivo polo que en moitas ocasións é imposible conectarse á rede WIFI. Ademais, a maioría das tomas de conexión de rede teñen que ser reparadas.

Equipamentos:

Antes da pandemia dispoñíamos de 4 ordenadores “útiles” (con máis de 12 anos) na Aula de Informática. Despois de pedir e esperar moitos anos por unha renovación dos equipos, o centro invertiu os seus cartos, en 9 equipos de segunda man. Agora atopámonos nunha situación, na que dispoñemos de máis equipos comprados polo centro que suministrados pola administración, o que conleva a un problema, e é que, estes equipos non poden ser reparados nen actualizados pola UAC, é dicir, os propios mestres, temos que facer estas labores, cando nin estamos formados ou non dispoñemos de sesións libres para facelo. Gustaríanos que esa política cambiase, ao final é un pouco absurdo tendo en conta que son equipos mercados con fondos públicos. Axudaríanos moitísimo que houbera uns técnicos de zona que se adicaran a facer estas tarefas que consideramos, non son o noso cometido. Non podemos ser profesores e informáticos á vez.

A única dotación que recibimos nestes dous últimos cursos, foron 4 portátiles para empréstimo ao alumnado, pero tampouco podemos empregalos nas aulas para substituir temporalmente os estropeados porque, non dispoñen de conexión VGA para conectarse coa pantalla, nin disqueteira para CD's ou DVD's.

Non todas as Aulas dispoñen de ordenadores ou PDI.

- A Aula de Música, non ten PDI e o portátil nin se conecta a Internet nen deixa reproducir os DVD's nin os CD's da materia.

- O mestre de **PT**, tiña que usar o seu portátil persoal porque o do centro xa está moi vello e vai moi lento.
- A Aula de **Lingua Inglesa**, tampouco ten PDI.
- A especialista de **Educación Física** non dispón dun ordenador para programar as súas sesións ou proxectar os videos preparados.
- O ordenador central da **Biblioteca** do centro, estropeouse durante este curso e agora tarda moitísimo en acender. Temos catro equipos máis para facer consultas e o empréstimo polo alumnado, foron mercados polo centro hai anos e que cando se estropean, non poden ser reparados pola UAC.
- As **Aulas de Infantil e Primaria** dispoñen de ordenador e PDI, pero:
 - O Kit Abalar das **Aulas de 5º e 6º**, dan moitos problemas. **Un dos portátiles averiouse no 2019** e despois de moitas mensaxes e chamadas a UAC para recordarlles a incidencia, segue no centro esperando a que o repoñan. Mentres, tivemos que pedir prestado un dos que hai na biblioteca, pero este curso, deixou de funcionar, e como foi mercado polo centro, a UAC, **non o repara**.O son dos proxectores Abalar tampouco funciona ben.
- Os portátiles das **Aulas de Infantil**, están moi vellos e nen se quera nos podemos conectar normalmente a Internet.
- Os dous equipos de **Dirección e Secretaría**, están dando problemas. Funcionan moi lentamente tanto ao abrir arquivos coma conectándose á rede.

Como acabamos de relatar, tanto as infraestructuras coma os equipamentos no CEIP Espedregada, son insuficientes para levar a cabo a nosa labor educativa. Polo que, a elaboración deste Proxecto Dixital, parécenos fundamental para destacar a realidade dos centros educativos e chamar a atención da Administración, e así poder meternos en diferentes proxectos que tivemos que deixar aparcados, coma STEM, agora, Polos creativos.

4. Avaliación do plan

O proceso de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- No contexto da avaliación procesual: Farase unha vez ao trimestre e se valorarán as accións propostas para cada obxectivo: Realizada, aprazada, pendente, executada en tempo e se e o caso, posibles modificacións das accións e as propostas de mellora para alcanzar mellor os obxectivos propostos.
- No contexto de avaliación final: A súa realización será unha vez ao ano. Analizaranse os obxectivos tendo en conta os logros conseguidos de cada obxectivo coas súas accións e se é necesario realización de propostas de mellora.
- O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción do apartado 3.1
- Tamén revisarase o equipamento e infraestruturas tecnolóxicas do centro, tendo en conta aspectos como: se son suficientes, novas necesidades, estado dos equipamentos, novas solicitudes...

5. Difusión do plan

O plan de convivencia, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os sectores da comunidade educativa. O centro educativo garantizará a súa difusión.

Canles de difusión:

- Consello escolar.
- Secretaría do centro.
- Exemplares para o profesorado.
- Titorías cos pais/nais, reunións de principio de curso.
- Web do centro.
- Aula Virtual.